

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE AGOSTO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezanove de agosto de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de agosto de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Avícola Tecedeiras S.L.

ANTECEDENTES

1. Don Santiago Dacal Gutiérrez, na representación que acredita da sociedade AVÍCOLA TECEDERAS S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, solicita con data 9 de xuño de 2021 (RE-E núm. 191) licenza municipal para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de Álceme.

2. A citada sociedade foi constituída en escritura autorizada pola notaria de Lalín Dona María Teresa Sancho Sánchez con data 25/02/21 (protocolo núm. [REDACTED]). Figura inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra no tomo [REDACTED].
3. Achégase proxecto técnico e anexo visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 12/07/21 e anexo de data 06/07/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en dous (2) anos.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” e “solo rústico de protección forestal” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a ampliación dunha explotación avícola existente. A nave existente dispón dunha capacidade para o cebo de 23.937 polos. A nave proxectada terá unha capacidade de 28.221 polos. A capacidade total da explotación será de 52.158 polos.
5. As obras proxectadas consisten na construción dunha nave para albergar polos, un anexo á nave destinado a aseo-oficina-sala de máquinas e unha esterqueira.
6. A ampliación da explotación avícola solicitada emprazase nunha parcela situada entre os límites dos concellos de Rodeiro e Lalín

que figuran na cartografía do Catastro. As instalación existentes dispoñen de licenza inicial outorgada pola Comisión de Goberno Local do Concello de Lalín a favor de Don Andrés José Dacal Carral, de data 15 de xullo de 2003. A licenza inicial foi tramitada no Concello de Lalín porque a parcela sobre a que se situaba a explotación tiña referencia catastral de Lalín (36024A106001030000BY). A posterior aprobación do PXOM do Concello de Rodeiro e a súa cartografía sitúan a explotación existente no Concello de Rodeiro.

7. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de TRESCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (350.000,00 €).
8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	AVÍCOLA TECEDERAS S.L.
Inscripción no Rexistro da Propiedade	██
Refª catastral das parcelas	36024A106001030000BY 36047A111009470000LA (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	31.173 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación avícola
Superficie ocupada en planta	Nave avícola existente: 1.657,22 m ² Ampliación explotación avícola: 2.094,40 m ²

11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 29 de abril de 2022 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. [REDACTED]).
13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
14. Figura no expediente o preceptivo informe favorable emitido, con data 30 de agosto de 2021, polo Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
15. Con data 20 de setembro de 2021 o Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra Augas de Galicia emite asemade informe favorable (expediente núm. [REDACTED]).
16. Dada a proximidade da instalación prevista cun concello limdeiro, solicitouse informe ao Concello de Lalín (RS núm. 351, do 28/06/22).
17. O Concello de Lalín emite informe en data 05/08/22 acreditando o cumprimento de distancias con respecto a núcleos e explotacións de dito termo municipal.
18. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
19. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
20. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.

21. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a AVÍCOLA TECEDERAS S.L. licenza municipal para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de Álceme, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 12/07/21 e anexo de data 06/07/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- d) Os piares e vigas da esterqueira que resulten visibles dende o exterior deberán presentar un acabado pintado na mesma cor que o resto dos cerramentos desa construción.
- e) As instalacións destinadas a depósito de gas, silos e fosas sépticas proxectadas deberán cumprir o recúe mínimo a lindeiros de 5,00 m.
- f) As obras obxecto do presente informe deberán comezar dentro do prazo máximo de eficacia da licenza que se outorgue, conforme á súa normativa reguladora, e, na súa falta, no prazo de seis meses contado desde a data de outorgamento da referida licenza. En caso contrario, o proxecto deberá adaptarse ás modificacións do CTE aprobadas polo Real Decreto 732/2019, do 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (1.750,00 €).

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN DA OBRA DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2022-2023 E NO PLAN CONCELLOS 2022

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 10 de agosto do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 24 de febreiro de 2022.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.

- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 125.321,29 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA EQUIPAMENTO DE EMERXENCIA

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes da Orde do 12 de xullo de 2022 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2022 co fin de adxudicar equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (DOG núm. 139, do 21/07/22). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para a acadar a adxudicación dun vehículo todoterreo con destino á Agrupación municipal de voluntarios de protección civil (AVPC).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a adxudicación dun equipamento de emerxencia consistente nun vehículo todoterreo con destino á Agrupación municipal de voluntarios de protección civil (AVPC).

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- CONCESIÓN DA TERCEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 17/08/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a terceira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor do veciño que deseguido se relaciona e coa contía e destino que se especifica:

Gastos correntes

BENEFICIARIO	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	200,00 €	Pagamento de gastos de aluguer

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. O beneficiario deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

6.- ACORDO DE GASTO

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes que no desenvolvemento da programación da actividade “Concilia Verán 2022” resulta necesario facer fronte a determinado pago en metálico, consistente no abono das entradas dos participantes nas instalacións do parque acuático “Aquapark” de Cerceda (A Coruña). Ao obxecto de poder facelo efectivo, e en aras a unha maior eficiencia na xestión da actividade programada, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade ordenar ao Sr. tesoureiro que expida mandamento de pago a xustificar a favor da concelleira-delegada de Cultura, Infancia, Igualdade, Medio Ambiente e Voluntariado Dona Ana Belén Calvo Mariño, por importe de TRESCENTOS DEZ EUROS (310,00 €), debendo dita concelleira presentar a conta xustificativa de gastos no Concello ao remate das actividades para a súa aprobación na seguinte sesión da Xunta de Goberno Local a celebrar.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MANUEL NÚÑEZ FIUZA 242,00 €
Por publicidade institucional do Concello no diario “El Periódico de Lalín e comarca”, s/factura núm. 0295-22.
- SERTECO-OR S.L. 327,60 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A1058 e 22A1059 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 72,16 € E 19,26 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xullo de 2022, s/facturas núm. 4003452642 e 4003452643 (FACe).
- LUÍS EDELMIRO LALÍN GONZÁLEZ 168,89 €
Honorarios por representación procesual do Concello nos Autos 750/2021 ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Lalín, s/factura núm. 57/2022.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.438,12 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2020, s/factura núm. 012/2022.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 535,73 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 983.
- ALFONSO RIVAS CARDELLE 947,55 €
Por traballos de reparación do vehículo da AVPC, s/factura núm. 520.
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 147,54 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/90.
- MANUEL JORGE ALBOR 1.513,70 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 023.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 218,40 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 42/22.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 66,55 €
Por diversos traballos realizados na Casa do Concello, s/factura núm. 44/22.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 419,87 €
Por traballos de fontanería no lugar de Rodeiro, s/factura núm. 43/22.
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de xullo de 2022, s/factura núm. 22512 (FACe).
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI 1.120,04 € E 44,02 €
Por abono de dereitos de autor por diversos concertos na vía pública, s/facturas núm. 1220411827 e 1220412124 (FACe).
- ANTÓN REY PATIÑO 242,00 €
Por realización da actividade “A gaita galega” dentro do programa “Ler conta moito”, s/factura núm. 10 (FACe).
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 157,30 €
Por reparación de porta no pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 20220059.
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 3.714,70 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Faílde, Agrochouso, A Granxa e Barbeitos (Negrelos), s/factura núm. 18.
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 2.672,29 €
Por traballos de roza de camiños municipais e baleirado de depuradora en Río, s/factura núm. S-37.

- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.122,88 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041181920 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 1.566,12 €
Por subministro de rechazo montera e zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000320 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)